



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 09/05/2009.**

Alcalde Presidente:

D. Secundino García Casal.

Concelleiros presentes:

D. Manuel Varela Mecias.

D. Xosé López Gudín.

D^a María del Carmen Muiño Filgueira

D. Jesús Manuel Soto Vivero.

D. Constantino Bedoya Vázquez.

D. José Serafín Gudín Sabín.

D. Hipólito Díaz Silva.

D. Juan Antonio Hermida Tembrás.

D. José Romero Ledo.

D. Fernando Márquez Hermida.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e dous minutos do día nove de maio de dous mil nove, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día trece de marzo do presente ano dous mil nove. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación da mesma, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, presentes na sesión, acorda prestarlle a súa aprobación.

SEGUNDO. ACORDOS SOBRE SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO INVENTARIO.

Dase conta da solicitude formulada por tres veciños do lugar de Foxos, parroquia de Naraío, de rectificación dun erro no Inventario de Bens do Concello consistente na non inclusión dun pequeno tramo de vía pública que figura como tal na planimetría catastral, que foi pavimentado polo Concello hai tempo e que conta con alumeado público municipal. Os concelleiros coñecen o lugar e amósanse de acordo na evidencia do erro.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

A Corporación, previa breve deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar a modificación do Inventario para incluír o tramo de vía pública de que se trata.

TERCEIRO.- SORTEO DOS MEMBROS DE MESAS ELECTORAIS.

Visto o contido do artigo 26 da Ley Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, o Pleno da Corporación da inicio o sorteo público para a designación dos membros, tanto titulares como suplentes, de cada unha das oito Mesas Electorais que deberán constituírse para a celebración das eleccións ó Parlamento Europeo convocadas para o próximo día sete de xuño, que se realiza por medios informáticos.

Cada unha das Mesas Electorais queda integrada polas persoas que se relacionan no expediente tramitado a tal finalidade, do que se informará coa brevidade posible á Xunta Electoral de Zona de Ferrol, ós efectos oportunos.

CUARTO. RATIFICACIÓN E TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓNS.

Dase conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 23 de marzo, pola que se aprobou o cadro de novas contías correspondente ós tributos locais en cuxas ordenanzas estableceuse a actualización automática por aplicación do IPC. A Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda ratificar o acordo de que se trata, ordeando a publicación no BOP do cadro das novas contías deses tributos locais.

Dase conta seguidamente doutro acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 1 de abril, polo que acorda formular solicitude de adhesión ó convenio marco suscrito pola Consellería de Medio Ambiente coas entidades xestoras dos sistemas integrados de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, coa finalidade de establecer os mecanismos para levar a cabo unha xestión axeitada deses aparatos. A Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda ratificar o acordo de que se trata, facultando ó Alcalde para as xestións necesarias, incluíndo a sinatura dos documentos precisos.

Dase conta seguidamente doutro acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 13 de abril, polo que, atendendo ó requerimento efectuado pola Asociación EuroEume, manifestouse o compromiso deste Concello de realizar as necesarias tarefas de mantemento e conservación da Ruta dos Castelos e Mosteiros do Eume-Xuvia, realizada dentro do programa Leader, ó seu paso por este término municipal, dentro das posibilidades orzamentarias e operativas disponibles a tal finalidade por parte do Concello. A Corporación,



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda ratificar o acordo de que se trata, ordeando a remisión a EuroEume dunha certificación do presente acordo, ós efectos oportunos.

Dase conta finalmente doutro acordo da Xunta de Goberno, adoptado na sesión do pasado día 4 de maio, para o establecemento dun prezo público para a actividade de aldea de verán, que este Concello vai realizar por segundo ano consecutivo durante os meses de xullo e agosto do presente ano 2009, como medida de conciliación da vida familiar e laboral e no marco da aplicación das actuacións previstas no Plan de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres vixente no Concello. O establecemento deste prezo público está amparado polo indicado na Ordenanza Fiscal nº 19 deste Concello, Xeral de prezos públicos, cuxo texto íntegro foi publicado no BOP nº 276, do 29/11/2008, e as súas características veñen detalladas no referido acordo da Xunta de Goberno Local. A Corporación queda enterada do contido do acordo de que se trata.

QUINTO. ACORDOS SOBRE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA COFINANCIAMENTO DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS.

Dase conta do contido da Orde de 1 de abril de 2009, pola que se rexerá a concesión de subvencións destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais, e do expediente iniciado para solicitar subvención ó abeiro do establecido nesa Orde, para a financiación das actividades do Concello en materia de servizos sociais, que seguen a realizarse do mesmo modo que en exercicios anteriores.

A Corporación, previa breve deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

1º.- Solicitar subvención, ó abeiro do establecido na referida Orde do 1 de abril de 2009, para o mantemento dos servizos sociais que ven prestando este Concello, polos importes que seguidamente se especifican para cada programa:

- Persoal:

- Unha traballadora social: 20.511,04 €.

- Un/unha auxiliar administrativo/a: 12.623,78 €.

- Un/unha educador/a familiar: 14.360 €.

- Mantemento: 1.220 €.

- SAF (Servicio de Axuda no Fogar): 55.500 €.

- SAF para persoas en situación de dependencia: 137.693,60 €.

- Emerxencia social: 2.400 €.

- Programa de formación e apoio a cuidadores/as e persoas con dependencia: 2.500 €.

- Investimento: accesibilidade e supresión de barreiras: 18.670,39 €.

2º.- Especificar que este Concello segue a prestar os servizos sociais para os que se solicita axuda, nas mesmas condicións do ano anterior, ós efectos do sinalado no artigo 11º-1.1-a) da devandita Orde do 1 de abril de 2009.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

3º.- Ordear a remisión, coa brevidade posible, da totalidade da documentación necesaria para a solicitude de subvención de que se trata, á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

4º.- Facultar ó Sr. Alcalde Presidente, D. Secundino García Casal, ou a quen legalmente lle substitúa ou represente, para a realización dos trámites e a sinatura dos documentos necesarios para a plena efectividade do presente acordo.

URXENCIA. Antes de pasar ó sexto e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado no artigo 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión.

Non tendo o grupo da oposición proposta algunha de asuntos urxentes que prantexar, toma a palabra o Sr. Soto, para propoñer a inclusión dun punto con este carácter na orde do Día da presente sesión: unha moción sobre o 17 de maio, en defensa do idioma galego.

Sometida de seguido a votación ordinaria a inclusión da moción de que se trata como asunto urxente, na Orde do Día da presente sesión, a Corporación, sen deliberación e por maioría de seis votos favorables, dos cinco concelleiros do BNG e o do PSOE, con cinco votos contrarios, dos concelleiros do PP, acorda considerar o asunto urxente, polo que queda incluído na Orde do Día da presente sesión, pasándose de seguido ó seu debate.

URXENCIA-PRIMEIRO.- MOCIÓN SOBRE O 17 DE MAIO, EN DEFENSA DO IDIOMA GALEGO.
O Sr. Soto pasa a ler a moción presentada, que literalmente di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Resulta evidente que o proceso de normalización de usos do galego foi lento e, até hoxe, insuficiente para garantir o dereito a vivir na nosa lingua. O respecto á legalidade vixente (Estatuto e Lei de Normalización Lingüística) e a implementación de cambios legais na dirección da igualdade e da convivencia semellan non ir na dirección daqueles que aínda poñen proa ao dereito fundamental para que o galego goce no seu territorio do mesmo status legal que o castelán no seu.

Asistimos nos últimos tempos a unha situación esperpéntica, por canto existen sectores –políticos e mediáticos– que pretenden trasladar á opinión pública a idea de que o idioma castelán corre perigo en Galiza por mor da suposta discriminación a que se ven sometidas as persoas que falan nesta lingua.

Mentres tanto, a realidade é claramente á inversa: non só non gozamos dunha realidade que permita a existencia e normalidade dos usos do noso idioma no día a día, senón que ademais resulta evidente un proceso de confusiónismo que pretende que as persoas galegofalantes non teñan dereitos lingüísticos, e que os únicos deberes para as administracións públicas queden referenciados ao uso do castelán. Na práctica, estamos na negación da igualdade e convivencia entre as dúas linguas.



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

De feito, un contundente informe do Consello de Europa elaborado a finais do pasado ano, advertía que no noso País non se están a dar garantías para o uso normal do galego en sectores tan importantes como a educación, a xustiza, os servizos públicos ou os medios de comunicación; incumpríndose de feito os tratados internacionais sobre dereitos lingüísticos. Na mesma liña, un recente informe da Real Academia Galega sinala que en doce anos reduciuse á metade a cantidade de persoas que falan habitualmente en galego.

Acreditamos que compete ao pobo galego, a través das súas institucións representativas, definir a política lingüística acorde co criterio de cooficialidade e de lingua propia que mesmo o actual Estatuto reconece para o noso idioma; exixindo das institucións de autogoberno a defensa da igualdade plena de dereitos para o galego e a aplicación de medidas a favor da normalización dos seus usos.

□

Non obstante, estamos a escoitar declaracións de persoas con cargos de alta responsabilidade no novo Goberno Galego que supoñen un ataque contra do galego e mesmo poden supoñer un perigo de confrontación e de fractura social; á marxe de ir contra de acordos unánimes do Parlamento Galego, nomeadamente contra o recollido no artigo 5 do Estatuto de Autonomía, que sinala o galego como lingua propia de Galiza e a obriga dos poderes públicos de potenciala nos diferentes ámbitos de uso.

Por isto, é polo que solicitamos do Pleno da Corporación a adopción do seguinte □

A□C O R D O

1. Manifestar a vontade da Corporación municipal na defensa da nosa lingua e, especificamente, nos acordos unánimes adoptados polo Parlamento Galego para instrumentar as medidas de normalización do galego nos diversos ámbitos sociais.

2. □ Apoiar o 'Manifesto pola convivencia lingüística e a igualdade de dereitos para o galego'.

3. □ Secundar as campañas e iniciativas que se promovan en defensa do idioma galego e, concretamente, a convocada para o vindeiro 17 de maio en Santiago de Compostela."

O Sr. Soto engade que os poderes públicos teñen a obriga de defender o galego, que segundo estudos recentes atópase en recesión, polo que non se consideran aceptables medidas como a derogación do decreto do galego anunciada polo novo goberno da Xunta, cando se precisa unha política de igualdade efectiva de oportunidades para ámbalas dúas linguas.

O Sr. Bedoya interven para amosar a postura contraria do seu grupo, deixando claro que non teñen nada contra o galego, como tampouco a Xunta, xa que tamén é a súa lingua, e que do que se trata é da defensa da liberdade para elixir idioma, evitando intentos de imposición que producen rexeitamento e reducen o número de falantes, sobre todo entre os xoves. Di que o galego é a nosa lingua nai e que hai que coidalo, pero sen imposicións e tratando de evitar os problemas derivados da escolarización obrigatoria en galego para algunhas familias, cuxos dereitos como castelanfalantes protexe a Constitución.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

O Sr. Márquez toma a palabra para dicir que en Galicia temos dúas linguas e que debemos respectar e falar as dúas e non politizar o tema nin cambiar de criterio con cada cambio de goberno. Cre que hai que potenciar o galego, pero mantendo e respectando o castelán, e manifesta o seu apoio á moción de que se trata.

Fala novamente de seguido o Sr. Soto, para puntualizar que non se trata de ir contra a liberdade de ninguén, senon de promocionar o galego evitando a inferioridade dunha lingua respecto da outra, e cumprindo a obriga que teñen os poderes públicos. Non se pretende imponer nada, e se aplicaron soamente medidas de apoio, pero sen exclusións nin falla de liberdade, que corresponden a un conflito lingüístico artificial creado desde Madrid.

O Sr. Bedoya interven de novo para indicar que seguen a pensar que se pretende imponer o galego, por exemplo puntuando máis as solicitudes en galego na convocatoria de subvencións ás asociacións, ou nas seleccións de persoal, de xeito que pode ser máis importante saber galego que medicina, ou o establecemento do idioma como requisito para acceder a postos, dificultándose moito o acceso por persoas de fora de Galicia. Remata decindo que pode que o resultado das últimas eleccións sexa debido en parte a ese intento de imposición do galego por unha minoría.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para dicir que as persoas non elixen a súa lingua, senon que é a de donde nacen, que en Galicia impúsose o castelán desde a Idade Media e que agora prantéxase un falso debate ideolóxico sobre o tema desde Madrid. Di tamén que non cre que ninguén se sinta perseguido pola Ordenanza de Normalización Lingüística actualmente en vigor no Concello, e que todos poden falar na lingua que elixan. Trátase dun debate artificial, e o BNG defende o galego por principios, sen imponer pero tratando de normalizar. En canto á elección polos pais da lingua na ensinanza, non a considera viable, posto que do que se trata é de acadar competencia suficiente nas dúas linguas.

Sometido finalmente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de seis votos favorables, dos cinco concelleiros do BNG e o do PSOE, con cinco votos contrarios, dos concelleiros do PP, acorda a aprobación da moción de que se trata.

SEXTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Bedoya comeza preguntando polas xestións realizadas en relación coa súa solicitude relativa á posibilidade de instalar un paso de peóns xunto ó Pazo da Marquesa á altura do Café de Palacio, respostándose polo Sr. Alcalde que se fixeron novas xestións nese sentido polo Concello, pero que existen, como xa se indicou, razóns técnicas relacionadas coa seguridade vial que o impiden, segundo informan os técnicos do servizo provincial de estradas. Non obstante, tómase nota da solicitude.

O Sr. Bedoya pregunta de seguido se están rematadas as obras da cantina do campo de fútbol de Corrás, xa que parece que quedan cousas por rematar, respostándose polo Sr. Alcalde que as obras xa rematadas foron as únicas contratadas polo Concello.

Manifesta a continuación o Sr. Bedoya a súa valoración positiva das obras que se van facer no adro da igrexa de San Sadurniño, que sen dúbida van mellorar moito esa zona, de



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

propiedade do Bispado, preguntando de seguido se o Concello obtivo algunha compensación do Bispado, como o uso dalgún dos locais parroquiais que permanecen sen uso, ou a apertura do claustro para os veciños, respostándose polo Sr, Alcalde que o Bispado soamente puxo os terreos a disposición da administración para a realización desta obra, que mellorará un espacio destinado ó uso público, polo que non se prantexou a solicitude de contrapartida algunha. Sen embargo, pódese negociar o asunto do uso de locais parroquiais ou mellorar as condicións de apertura do claustro, que xa está aberto con frecuencia.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e vinteséis minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,